

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Voz
DISCIPLINA	Verso I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Beatriz Porrúa Refojo</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho:</p> <p>Contacto: beaporrúa@edu.xunta.gal</p> <hr/> <p>Nome e apelidos: Nuria Montero Gullón</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho:</p> <p>Contacto: nmgullon@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCIÓN	<p>Estudo da métrica. Coñecemento e aplicación das graduais. Análise do acento (na palabra, no verso, de intención,...), da rima e do ritmo (de cantidade, intensidade,...).</p> <p>Recursos literarios. Percepción e melodía do discurso.</p>
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos

	adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión
X7	Valorar a arte dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	
E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética
E16	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Coñecer os compoñentes e as estruturas básicas do verso.	T2, T3, X5, X6, E11, E15
2. Dominar os parámetros técnicos relativos ao ritmo do verso.	T2, T3, X5, X6, E11, E16
3. Dicar o verso atendendo as leis métricas.	T11, T13, X5, X8, E11, E15
4. Identificar e analizar as distintas figuras retóricas que aparecen nun texto para a súa interpretación	T2, T3, X2, X6, E13, E16
5. Descubrir a enerxía e musicalidade das palabras: fisicidade dos sons que compoñen o texto e as sensacións que espertan	T11, T13, X2, X8, E13, E15
6. Interpretar un texto clásico para a realización da súa práctica escénica.	T3, T13, X5, X6, E13, E16
7. Analizar as características dramaturxicas propias do texto clásico	T2, T11, X2, X6, E13, E16
8. Coñecer os métodos interpretativos do verso dos distintos períodos a partir das testemuñas dos propios autores	T2, T11, X6, X8, E15, E16
9. Distinguir e aplicar diferentes metodoloxías para dicir o verso, que atenden á articulación e ritmo da linguaxe, ás modulacións de acentos e de entoacións en xeral.	T3, T11, X5, X8, E11, E15
10. Coñecer as diferenzas entre a versificación en lingua galega e castelá dende a perspectiva da métrica rítmica	T2, T13, X6, X8, E11, E16

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introducción á métrica	1.1. Obxecto da métrica	1
2. O verso	2.1. O acento 2.2. A rima 2.3. División silábica 2.4. Clases de versos segundo o número de sílabas 2.5. Pausa ton e encabalgamento	4

3. A estrofa	3.1. propiedades da estrofa. 3.2. División das estrofas en canto ao tipo de verso 3.3. Representación da estrutura das estrofas. 3.4. Formas estróficas	3
4. O poema	4.1. División en canto á súa forma 4.2. División encanto ao seu contido 4.3. Poemas estróficos 4.4. Poemas non estróficos	3
5. A linguaxe poética	5.1. Desenvolvemento da sensibilidade cara o teatro versificado. 5.2. Recursos literarios 5.3. Análise de textos en verso: comprensión e expresión	4
TOTAL SESIÓNS		15

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3		3
Exposición maxistral	6		6
Exposición práctico-teórica	8	4	12
Práctica individual	10	10	20
Práctica colectiva	10	9	19
Titorías individuais	6		6
Titorías de grupo	2		2
Actividades de avaliación. Probas	4	9	13
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	1	3
Actividades de avaliación. Revisión	3	3	6
TOTAL	54	36	90
PORCENTAXE	60%	40%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como a presentar a materia
Exposición maxistral	Exposición por parte do/a profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante
Exposición teórico- práctica	Exposición por parte do/a docente dun tema sobre contidos da materia e a súa resolución práctica
Práctica individual	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo
Práctica colectiva	Actividades de aplicación dos coñecementos e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo
Titorías individuais	Entrevistas que o alumno/a mantén co/ profesor/a da materia para

	asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, seguimento e coordinación de traballos, realización de actividades específicas vinculadas a competencias non adquiridas, clarificación de todo tipo de cuestións vinculados cos núcleos temáticos da disciplina, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.
Actividades de avaliación. Probas.	Probas para a avaliación que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os/as alumnos/as deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.
Actividades de avaliación. Presentación/Mostras	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou do resultado dun traballo, exercicio, proxecto...Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Actividades de avaliación. Revisión.	Análise profesor/a-alumno/a dos recursos procedimentais empregados por este/a na resolución das probas e os seus resultados

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Observación sistemática: -Adquisición de competencias. -Aplicación das competencias adquiridas en traballos prácticos. -Asistencia e actitude cara a aprendizaxe na aula.	T3, T13, X2, X5, E11, E16	50%
Prácticas escénicas propostas polo docente sobre textos en verso.	T2, T11, T13, X5, X6, X8, E13, E15, E16	50%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral. Análise de textos en verso.	T2, T3, T13, X2, X5, X8, E11, E16	30%
Prácticas escénicas propostas polo	T2, T11, T13, X5, X6, E13, E15, E16	70%

docente sobre textos en verso		
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo escrito e defensa oral. Análise de textos en verso	T2, T3, T13, X2, X5, X8, EI1, EI	25%
Proba escrita sobre conceptos fundamentais da materia.	T2, T3, X6, X8, EI3, EI5	25%
Prácticas escénicas propostas polo docente sobre textos en verso	T2, T11, T13, X5, X6, EI3, EI5, EI6	50%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

1. Cantero, S. (2006). Dramaturgia y práctica escénica del verso clásico. Madrid: Editorial Fundamentos.
2. Castillejo, D. (2004). La formación del actor en el Teatro Clásico. Madrid: Editorial Ars Millenii.
3. García Aráez, J. (1991). Verso y teatro. Guía práctica para actores. Madrid: Editorial La Avispa

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

4. Becerra de Becerreá, A. (2005). O ritmo na dramaturxia. A Coruña: Biblioteca-Arquivo teatral "Francisco Pillado Mayor".
5. Domínguez Caparrós, J. (2010). Métrica y poética. Bases para la fundamentación de la métrica en la teoría literaria moderna. Madrid: Editorial UNED.
6. Quilis, A. (1994). Métrica española. Barcelona: Editorial Ariel.
7. Navarro Tomás, T. (1986). Métrica Española. Barcelona: Editorial Labor. Barcelona

10. OBSERVACIÓN / RECOMENDACIONES

- O alumno ou a alumna perderá o dereito a avaliación continua cando supere o **10% de faltas** de asistencia.
- O alumno ou alumna que perda a avaliación continua deberá poñerse en contacto co docente para concretar o material que deberá presentar a exame.
- Os traballos deberán presentarse seguindo a normativa APA7